



1. Denominación do curso (nome do expediente): Xestión de almacén-loxística
2. Contidos:
  - Tipos de almacén, estrutura e organización
  - Prevención de riscos laborais nas actividades de almacenaxe
  - Loxística. Optimización da cadea loxística
  - Operacións de recepción, colocación, mantemento e expedición
  - Inventario de existencias, operativa para preparar pedidos
  - Sistemas e equipos para a xestión de almacén
  - Manexo e condución de carretilla elevadora
  - Módulos transversais sobre a perspectiva de xénero (4h), sobre a orientación laboral e busca de emprego (4h), sobre as novas tecnoloxías aplicadas á acción formativa (4h), sobre o emprendemento (4h) e a sensibilización medioambiental (4h), e cinco charlas dunha hora de duración con profesionais do sector e expertos en selección de persoal e visitas profesionais
  - Prácticas profesionais non laborais (100 horas).
3. Horas totais do curso: 295.
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMÁS FROILAZ, na Gándara, e nas instalacións das empresas colaboradoras en prácticas.
5. Datas previstas do curso: Do 12 de marzo ao 16 de xuño de 2020.
6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas en Aula, de luns a venres. A realización das prácticas en empresa, no horario que se determine, a razón de 5 horas/ día.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.
8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroado no Concello de Narón, e non ter concedido outro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente na realización. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadramento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase no día de inicio de curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.
9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 27 de febreiro ás 8:30 horas, ata o 5 de marzo de 2020 ás 13:30 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:30 horas).



11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes
12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello, ou contactar co Servizo Sociocomunitario, Teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

É requisito esencial para a realización das prácticas profesionais non laborais en empresas ter obtido a valoración de APTO nos módulos formativos do curso.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De no acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.